



## COORDENADAS XEOGRÁFICAS

X 584019 Y 4647074



Estamos diante dun punto de interese xeolóxico chamado *Aquis Querquennis* pertencente á ruta xeolóxica do “Parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés”. Aínda que este punto non se atopa dentro dos límites do parque natural inclúese nesta guía dada a súa importancia.

Son as ruínas dun antigo campamento romano dos séculos I e II despois de Cristo, estreitamente ligado ás augas termais e situado tamén na conca do encoro das Conchas e segundo as épocas do ano e a normativa do encoro, aparece parcialmente cuberto polas augas.

O encoro está situado en solos graníticos, moi impermeables, o que fai que este lugar sexa ideal para o encoro e tamén favorece que parte das augas subterráneas que circulan polos sedimentos, moito máis permeables, da Comarca da Limia, emerxan na zona.

Formando parte das ruínas romanas, a só 200 metros do campamento militar, hai unha zona de baño de carácter público, na que xorden varias fontes de augas termais de bicarbonato sódico. Estímase que as augas fítranse ata unha profundidade de 2.800 metros, onde alcanzarán uns 100°C, para despois emerxer a unha temperatura de 46°C. Estas augas termais xa foron utilizadas polos romanos e hoxe constitúen unha atracción turística de gran interese que contribúe á economía da rexión.